

**UNHA NOVA COPIA
DO ROMANCE DA URCA
DE SANTO ANTÓN.
EDICIÓN E ANÁLISE
CONTRASTIVAS**

Ramón Mariño Paz

Instituto da Lingua Galega,
Universidade de Santiago de Compostela

Damián Suárez Vázquez

IES Santa Irene (Vigo)

DOI: 10.17075/cbfc.2020.014

1. AS DÚAS COPIAS DO ROMANCE DA URCA DE SANTO ANTÓN

No ano 2012 demos a coñecer *O romance da urca de Santo Antón*, unha peza de 668 versos octosílabos maioritariamente escritos en galego que data de 1777 e se encontra entre os folios 26r e 31r do códice 1052B do Archivo Histórico Nacional de Madrid (Mariño Paz / Suárez Vázquez 2012). Baixo o título de *Poesías. Autógrafos*, este códice facticio reúne quince manuscritos poéticos¹ de entre o século XVIII e 1864, non todos eles autógrafos, que pertenceron ao erudito pontevedrés Eugenio Reguera y Pardiñas (1806-1866), moi interesado en cuestións relativas á lingua, á historia e a outros aspectos da realidade galega. A copia do romance de 1777 que este códice contén, escrita cunha letra humanística cursiva propia do século XIX, debeu de facerse na década de 1830, mais unha segunda persoa, temporal e espacialmente próxima dos feitos narrados e dona dunha letra de feitura máis antiga, interveu sobre ela para lle facer algunhas correccións e, probablemente, tamén para lle engadir tres notas explicativas ou informativas.

Recentemente localizamos no Arquivo da Real Academia Galega unha nova copia deste romance. Forma parte do fondo dos Irmáns de la Iglesia (C/355-78; *olim* C/102/18), a onde chegou, segundo información facilitada polo persoal da Academia, entre os papeis dos irmáns Antonio, Francisco e Benigno de la Iglesia doados por Eladia de la Iglesia en marzo de 1941². O manuscrito está composto por sete pregos cosidos, de 21.5 por 16 cm aproximadamente, que se organizan

¹ Dez en galego, dous en castelán e un en portugués. Dous deles están duplicados.

² Na páxina <https://arquivo.galician.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=364496> aparece descrita a “Historia arquivística” e a “Forma de ingreso” deste fondo familiar na RAG. A reprodución fotográfica do manuscrito obxecto de estudo pode consultarse en liña a través do Arquivo Dixital de Galicia (https://arquivo.galician.gal/arpadweb/es.ga.15030.arag/gl/consulta/resultados_busqueda.do?id=1977&forma=ficha&posicion=15). Cremos probable que o manuscrito pertencese a Antonio María de la Iglesia González (1819-1892), tío de dona Eladia, destacado coleccionista e divulgador de textos literarios galegos de diversas épocas durante o Rexurdimento, entre outras facetas. Sabemos que o polígrafo compostelán ideaba por volta de 1856 a publicación dunha frustrada *Colección de poesías en gallego*, antigas e contem-

de maneira irregular: o primeiro deles contén no seu interior outros tres, dos cales dous se sitúan nun primeiro nivel dispostos de modo consecutivo e o terceiro inclúese á súa vez no segundo deses pregos. Finalmente, os tres restantes succédense un tras outro ata completar o manuscrito de 28 páxinas. A copia é limpa e apenas ten correccións. O texto do romance ocupa as páxinas 1 a 26, todas elas sen numerar, e deixa as dúas últimas en branco. O papel, que carece de marcas de auga que axuden a identificar a súa procedencia e época de fabricación, presenta dúas dobreces en cruz, indicio de que talvez foi encartado para un envío postal. As características gráficas da copia remiten ao século XIX — polo de agora non podemos ofrecer maior precisión temporal —, mais descoñecemos a identidade do seu responsable³. En calquera caso, o documento que estamos a manexar non se corresponde co autógrafo do poema de 1777 nin cun traslado de elaboración máis ou menos coetánea, senón cunha copia considerablemente posterior. O seu interese radica, como veremos, no avultado número de variantes de diverso tipo que presenta con respecto á versión do poema exhumada en 2012.

De aquí en diante referirémonos co nome de Urca 1 ao manuscrito xa coñecido do Archivo Histórico Nacional de Madrid e co de Urca 2 ao manuscrito do Arquivo da Real Academia Galega, o que contén a versión do romance que se presenta neste traballo.

2. CRITERIOS DE EDICIÓN

Como é lóxico, os criterios de edición con que aquí presentamos Urca 2 son os mesmos que utilizamos con Urca 1⁴, cuxo texto trasladamos agora a estas páxinas coa intención de facilitarmos o cotexo entre ambas as versións. Elaboramos, por tanto, unha edición moi conservadora de Urca 2, con intervencións que no esencial se limitaron a actuar moderadamente sobre a puntuación e sobre a unión e separación de palabras, así como a desenvolver as abreviaturas en letra itálica e sen corchetes e a facer algunha reconstrución conxectural en letra redonda e entre corchetes, coma no seguinte caso: “aunque se[a] pa andar pidindo” (v. 84).

poráneas, e talvez dispuxese xa para ese proxecto do *Romance da urca de Santo Antón*. Fose como fose, a peza permaneceu inédita ata a actualidade.

³ Na nosa opinión a copia non é obra da man de Antonio María de la Iglesia.

⁴ Cf. Mariño Paz / Suárez Vázquez (2012: 20-22).

A nosa actuación sobre a puntuación incluíu, como cabe esperar, a incorporación dos signos de interrogación inicial ou final cando algún deles falta, como fixemos na edición de Urca 1. Igualmente, esta actuación incluíu a súa eliminación ou substitución cando xulgamos que sobran ou que están mal empregados: así, por exemplo, no folio 2v cambiamos “é dicialle ¿Pepiño, / Que che parece de min? / ¿chegarei ó Ferrol vivo / ¡á ver ás miñas hirmás / que hé á cousa que mais estimo!” por “é dicialle: ¿Pepiño, / que che parece de min? / ¿Chegarei ó Ferrol vivo / á ver ás miñas hirmás, / que hé á cousa que mais estimo?” (vs. 78-82).

Canto á unión e separación de palabras, evitamos toda corrección que afectase os pronomes enclíticos, os alomorfos *lo(s)/la(s)* do artigo determinado, as contraccións das preposicións *con*, *de* e *en* cos artigos determinados e indeterminados e cos demostrativos e calquera outro caso, moitísimo máis infrecuente ca en Urca 1, en que o uso visible no manuscrito puidese ter algún valor métrico ou fonético: “como no nos encontrou” (v. 155), “nono Creo” (v. 447). En todo o demais interviñemos para acomodar o texto aos usos actuais.

Respectamos sempre a representación unida ou separada do dígrafo <nh / n h>, co que se representa a consoante nasal velar: *Vn ha* (v. 15), *unha* (v. 27)...

Sobre o uso de maiúsculas e minúsculas actuamos cando isto se fixo necesario como consecuencia dunha previa intervención sobre a puntuación. Así, por exemplo, ao final do folio 1r pasamos “E perdona á confianza / que fale neste estilo, / que como ti ben sabes / son gallego campesino. / E o falarche en Castellano / Seria un gran desatino” para “E perdona á confianza / que fale neste estilo, / que, como ti ben sabes, / son gallego campesino / e o falarche en Castellano / seria un gran desatino” (vs. 9-14). Así mesmo, pasamos maiúscula para minúscula naqueles casos en que o copista iniciou un verso con maiúscula sen que houbera ningún outro criterio ca o desta posición para xustificar tal acción. En todos os demais casos (nomes de linguas, de oficios civís ou eclesiásticos, de días da semana, de meses do ano, o tratamento de *Vsted...*) conservamos os usos do manuscrito depositado na Real Academia Galega.

Nalgunhas ocasións introducimos comiñas para delimitar as intervencións dalgúns personaxes reproducidas en estilo directo.

Se en Urca 1 o dígrafo <x> ou o grafema <x>, que se utilizan para representar a consoante fricativa prepalatal xorda, adoitan ir acompañados dun til máis ou menos ondulado ou recto que se traza sobre <x>, sobre <s>, sobre ambas as letras

ou sobre <s> e a vogal seguinte, en Urca 2 esa consoante represéntase mediante un signo <x> que leva tamén un til ondulado, recto ou zigzagueante que unhas veces se sitúa xusto por riba de <x>, outras un pouco á dereita del e outras claramente sobre a vogal seguinte. Nós transcribímolo sempre como til ondulado (o que adoita indicar nasalidade) e só o poñemos por riba de <x> nos casos en que esta colocación é inequívoca no manuscrito. Nunha ocasión úsase a mesma representación gráfica para o grupo consonántico /ks/: *exórcismos* (v. 146).

Uns tiles parangonables cos referidos no parágrafo anterior colocáronse nalgunhas ocasións sobre *a* preposición, *e* conxunción, *o(s)* artigo e *ao* contracción. Transcribímolos tamén como tiles ondulados: *boy ã ber* (v. 199); *mais costa òs Cartiños* (v. 274); *nin aun á òs Alcantarinos* (v. 388); *el, ã ò outro seu amigo* (v. 456); é subíanse ãõ *Pulpito* (v. 460).

As letras engadidas na entreliña superior pónense entre barras oblicuas (//): *no/n/cho* (v. 36).

As letras sobrantes pero presentes no manuscrito van entre parénteses: *fui mos al cabo a(l) salir* (v. 123); *quixêra, en chegando á terra(r)*, (v. 271)...

Aproveitamos a publicación desta edición contrastiva de Urca 1 e Urca 2 para corrixirmos dous erros que cometemos na nosa presentación de Urca 1 en 2012: no verso 212 o que se le é *Malco* e non *Males*, mentres que no 536 o que aparece é *bendito* e non *bendizo*.

As anotacións orixinais do manuscrito de Urca 2 introducímolas mediante un asterisco (*), ao paso que as nosas notas de edición, relativas exclusivamente a Urca 2, se presentan con números.

3. EDICIÓN CONTRASTIVA

Urca 1 (AHN, Madrid)

Urca 2 (RAG, A Coruña)

<1r> Noticia que ha dado un Sastre á un amigo su/yo sobre el penoso viage *que* tubo la Vrca del / Rey *San* Antonio desde la Habana á este Puerto / del Ferrol; tambien le dá cuenta de una solemne / funcion que hicieron á la Virgen de Dolores con golpe de / Musica y Sermon, todo á poca costa; y por no saber mas / idioma que el gallego, se lo escribe en el siguiente / Romance

<26r a> Amigo da miña alma,
 polo moito que te istimo
 heyche de contar un conto
 que chá de dar justo ohílo;
 5 é, com'-estamos tan leñsos
 que nonpódo estar contigo,
 nin dicircho cara á cara,
 mandocho así por escrito;
 é perdona á confianza
 10 que che fale en este istilo,
 que, como tí ben conoces
 que són Jallejo castizo,
 ó falarche en Castellano
 sería un gran desatino.
 15 Vnha vez quiñsen probar,
 é mais foy con tanto tino
 que por Pepa dixsen Piepa,
 é isto tan escutelido
 que dey un pouco que rír,
 20 deixsandome á min corrido.
 Desde estonce fiñsen voto
 de, anque estea no martirio,
 non falar unha palabra
 que non sea en Jallegiño.
 25 Por acó conozo moytos
 que queren facer ó mesmo
 é fán un misto de lenjuas
 <26r b> que causa gran risa ohílos;
 in fin, bamos ó meu conto,
 30 qui hé moy terno é compasibo.
 Aló polo mes de Mayo
 saleu da Habana a'-ste sitio
 á Vrca de San Antón,
 qu'-así hé ó seu apillido.
 35 Quen era ó seu Capitan
 por agora non cho digo,
 porque lógo cho dirèy
 in vindo-ò caso decílo.
 Nómeareyche ó Capellan
 40 por ser fillo dé veciño:
 chamanchelle *Don* José,
 famelear do Santo Oficio.
 Heche un jran sacerdote,
 pró para ó mar temído,
 45 tanto que neste viañse
 non pensaba chejar vivo.

Amigo da miña Alma,
 polo moito que te estimo
 heiche de contar un conto
 que che ha de dar gusto oílo.
 5 E, como estamos tan lexós
 que non podo estar contigo
 e dicircho cara á cara,
 mandocho así por escrito.
 E perdona á confianza
 10 que fale neste estilo,
 que, como ti ben sabes,
 son gallego campesino
 e o falarche en Castellano
 sería un gran desatino.
 15 <1v> Vn ha vez quiñen probar,
 e mais foi con tanto tino
 que por Pepa dixen Pieta,
 esto tan escotelido
 que din un rato que rír,
 20 deixándome a mín corrido.
 Desde entonces fiñen voto
 aunque estea no martirio
 non falar una palabra
 que non sea gallegiño.
 25 Por acá conozo moitos
 que queren facer ó mesmo
 e fán unha Xunta de linguas
 que causa risa ó oílos.
 En fin, vamos ó meu conto,
 30 que hé moi terno é compasibo.
 Alá polo mes de Mayo
 saliu da Habana á este sitio
 á Vrca de *San* Antonio,
 que este he ó seu apelido.
 35 Quen era ó seu Capitan
 por aora no/n/cho digo,
 porque logo cho direi
 en vindo ó caso decilo.
 Direiche, si, ó Capellan
 40 por ser fillo de Viciño,
 <2r> é chamante D. Xósé⁵,
 Comisario do Santo Oficio.
 E un grande Sacerdote,
 pero para ó mar muy tímido,
 45 tanto que neste viañe
 non pensaba chegar vivo.

⁵ O trazo do <X> parece corrir dun <J> previo.

Ó Piloto, xša se sabe,
 tamen filho de viciño,
 un home de pelo en peito
 50 que cospe polo colmillo;
 iste fála en Castellano
 porque llo requer ó oficio,
 é fagoche esta advertencia
 <26v a> para que esteas savído
 55 que en falando en Castellano
 fal'ó Piloto que digo.
 Bolbamos ó noso conto.
 Vindo, pois, polo camiño,
 lebantous'-un pouco mar,
 60 que xša a doyto de contíno;
 pero non sería tanto
 como quixeron decilo,
 qu-' a veces moy poucas nocés
 mètèn un grande roído.
 65 In fin, fose como fose,
 qu'-ò medo hé un jran vicho.
 Se non, diga'-ó-Capellan,
 qu'-ese hé ó millhor testijo,
 que, como en sana salude
 70 xšá ten cara de affixido,
 vendo qu'-ò mar non cesaba
 estaba tan compunxsido
 que paricia ó retrato
 d'-un serafico Francisco.
 75 Tod'-era subir arriba
 rezando salves é hinos
 é chejabase ó Piloto
 é dicíalle: "Pepiño,
 ¿que che parece de min?
 80 ¿Chejarey ó Ferrol vivo
 á ver ás minhas irmás,
 qu-'é cousa que mais istímo?
 ¡Dios mio! Sé désta escapo,
 <26v b> aunque se[a] pa andar pidindo,
 85 hey de pertender non ser
 mais Capellan de Navío;
 quedareyme no Ferrol,
 porque con catro enterríños
 é Misa todo-los días
 90 paso com'-hun Arzebispo;

O Piloto, xá se save,
 tamèn fillo de Viciño,
 un home de pelo en peito
 50 que cóspe polo colmillo.
 Este fala en Castellano
 porque lló requer ó oficio,
 e fagoche esta advertencia
 para que estés advertido
 55 que en falando en Castellano
 fala ó Piloto que digo.
 Bolbamos ó noso conto.
 Vindo, pois, polo Camiño,
 levantouse un pouco ó mar,
 60 que ó acostumbra de contino,
 pero non sería tanto
 como quixéron decilo,
 que á veces muy poucas nóces
 meten un grande ruido.
 65 En fin, fose como fose,
 que ó medo é un grande Vicho,
 e, si non, digaó ó Capellan,
 que ese he ó millor testigo,
 <2v> que, como en Sana salud
 70 xá ten cara de affixido,
 vendo que ó mar non cesaba
 estaba tan compunxido
 que parecía un retrato
 de un Saráfico Francisco.
 75 Todo era subir arriba
 rezando Salmos é himnos
 é chegabase o Piloto
 é dicíalle: "¿Pepiño,
 que che parece de min?
 80 ¿Chegarei ó Ferrol vivo
 á ver ás miñas hirmás,
 que hé á cousa que mais estimo?
 ¡Dios mio! Si de esta escapo,
 aunque se[a] pa⁶ andar pidindo,
 85 ey de pretender non ser
 mais Capellan de Navio.
 Quedareime nó Ferrol,
 porque con catro enterríños
 é a misa todos os días
 90 paso como un Arzobispo.

⁶ Coma en Urca 1, cremos que sepa non dá aquí sentido, polo que facemos a mesma proposta de reconstrución.

- ó demais heche tolaxse
andar por estos camiños
peleando contr' -ô vento,
qu' -hun médo me ten mitido,
95 qu' -ainda' -en terra lhey de ter
med' -ô vento que respiro".
O Piloto, que xsa habia
un pouco qu' -estaba oindo,
díxsolhe por animalo:
100 "Callese *Vsted*, padre mio,
que no quiere decir nada,
que mucho mas hé corrido,
y aquestos golpes de mar
todo es polbo del camino.
105 Si viera *Vsted* una ocasion,
ó viniera *Vsted* conmigo,
yendo yó para la Habana,
poco mas que en este sitio,
se lebantó una borrasca
110 y un tan recio torbellino
que nos hechó á parar
poco menos que al Abismo.
Andubimos en el agua
<27r a> treinta dias sumergidos,
115 sin vernos unos á otros:
este sí que fué peligro".
Cappellán. "¿É encendiades ó fogon?"
Piloto. "Todo se comía frío".
Cappellán. "¿Dios mío!, xsa estou tembrando
120 non soceda agora ô mesmo.
¿Donde fostes á parár?"
Piloto. "Este es el mayor prodigio,
que sin morirnos un hombre,
por ir todos escondidos,
125 fuimos al cabo á salir
á un sitio desconocido,
que no sé como se llama;
pero despues con mí arbitrio
pude encontrar la derrota
130 y salimos del peligro".
Cappellán. "¿Vallame Dios, que mentiras
é que chéa de embolismos
me meteo este hom' -aquí!
Mais hé menestér sufrilos,
135 porqu' -está feyto un Narón
y así non lhe contradíjo,
porque me meterá mais
é, como son tan crehído,
- Ho demais eche tolaxê,
andar por estes camiños,
peleando contra ó Vento,
que tal medo ei concebido".
- 95 <3r> O Piloto xá habia
un rato que ó estaba oindo;
dixólle por animalo:
Piloto. "Callese *Vsted*, Padre mio,
que no quiere decir nada,
100 que mucho mas he corrido,
y estos golpitos de mar
todo es polvo del camino.
Si viera *Vsted* una ocasion,
ó si viniera *Vsted* conmigo,
105 yendo yo para la Habana,
poco mas que eneste sitio,
se lebantó una borrasca
y un tan grande torbellino
que todos fuimos á parar
110 poco menos que al abismo.
Andubimos en el agua
treinta dias sumergidos
sin bernos unos á otros,
¿este si que era prodigio!"
115 *Cappellán*. "¿Encendiadelo fogon?"
Piloto. "Todo se comia frio".
Cappellán. "¿Dios mio! Xá estou tembrando
non suceda aora ó mesmo.
¿Donde fostes á parar?"
120 *Piloto*. "Ese es el mayor prodigio,
<3v> que sin morirnos un hombre,
por ir todos escondidos,
fuimos al cabo a(l) salir
a un sitio desconocido
125 que no sé como se llama,
pero despues con mi arbitrio
pude encontrar la derrota
y salimos del peligro".
Cappellán. "¿Ballame Dios, que mentiras
130 é que atallos de embolismos
me metéu este home aquí!
Mais he menester sufrilos,
porque está feito un Nerón
e así non lle contradigo,
135 porque me meterá mais
é, como son tan creído,

entrarame unha aprension
 140 que me quitar'-ó sentido";
 é in isto un golpe de mar
 beu é saltou ó portillo,
 é colheunos discuidados
 é molhounos. ¡Santo Cristo!
 145 Dixšo ó Capellan entonces:
 <27r b> "est-'é ô día do Xsuicio;
 boume d-'àqui para baixšo,
 bou facer hun ecsorcismo".

Meteuse na *Santa* Barbora,
 150 foy remexšer ós seus libros
 é buscar ó manual
 para informarse dos ritos
 é tamén das ceremonias
 que pide este requisito;
 155 é, como no no encontrou,
 quedouse alí pensatibo.
 Nisto outro golpe de mar
 beu é deu á popa un bico,
 arrancou non sey que tablas,
 160 é aqui foy ó halarido.
 Perdona unha dijresion
 que che bou fager, amíjo,
 solo por facerche ver
 ó que pasa 'nhun Navío
 165 cando hay algunha tormenta.
 Primeiro tocan ó pito,
 lojo sal-ó Capitan
 botando hun voto á Cristo,
 có ó jorro sobr-'os ollos
 170 é na boca un cijarrinho.
 Se ó colhe discuidado,
 qu-'ácase estaba dormindo,
 sáy có-á-camisa de fora,
 que non jastan calzoncillos;
 175 tran unha bata moy lonja
 que lhes cheja ôs tubillos,
 conque con ista fijura
 <27v a> parece un Caifás ó vivo.
 Por dicir "Señor Piloto",
 180 como ven medio dormindo,
 dicelhe: "Seor Pilato,
 ¿que es isto, que há socedido?"
 "Señor", le dice, "no es nada,
 no hay miedo (savelo cristo)".

entrarame unha aprehension
 que me lebará á fio".
 Nesto un golpe de mar beu
 140 e saltou polo portillo
 é colleos descuidados
 e mollounos. ¡Santo Cristo!
 Cappellán. Dixó ó Capellan entonces:
 "este he ó día do Xüicio,
 145 <4r> boume dáquí para baixó,
 bou facer uns exórcismos,
 e desconxurar á ó mar,
 si non todo bai perdido".
 Meteuse na Santa Bárbara,
 150 foi registrar os seus libros
 é buscar ó Manual
 para informarse dos ritos
 e tamén das ceremonias
 que pide este requisito.
 155 É, como no nos encontrou,
 quedou así pensatibo.
 Nesto outro golpe de mar beu
 e dou á popa un bico;
 arrancou non sei que taboas:
 160 aquí foi ó laberinto.
 Perdona unha digresion
 que che bou facer, amigo,
 solo por facerche ver
 ó que pasa nun Navío
 165 cando hay algunha Tormenta.
 Primeiro tocan ó pito,
 logo sai ó Capitan
 botando un boto á Cristo,
 <4v> co ó gorro encima dos ollos
 e na boca un cigarrinho.
 170 Si ó colle discuidado,
 que ácase estaba dormindo,
 sai coa camisa de fora,
 que non gastan calzoncillos,
 175 con unha Bata muy larga
 que lle chega hasta os tubillos,
 conque esta figura
 parece un Caifás vivo.
 Por dicir "*Señor* Piloto",
 180 como ben medio dormindo,
 dicelle: "*Señor* Piloto,
 ¿que es esto, que ha sucedido?"
 "Señor (lle dice), no es nada,
 no hay miedo (Sabelo Cristo)".

- 185 “¿Acia donde bá la proa?”,
lhe perxunta; é, aturrido,
respondelhe un quid pro quô,
que na ocasion való mismo.
Nesto ven ó Contra-mestre
- 190 cunha cara de Xsudio,
có-ó-seu jorro na caveza,
posto na centura ó pito,
é, se non ven, lojo ó chaman,
que tamen é do concilio.
- 195 Dicenlhe: “nostramo Pedro,
¿los masteleros ban figos?
¿Está esa Garcia fuerte?
¿Hay aljun palo rendido?”
“Non lo sé, Señor, boy ver”,
- 200 é in pouco mais de dous brincos
dende popa bay á próa,
é, sé atopa no camiño
aljun pobre mariñheyro,
unque seya seu amijo
- 205 cimbralhe^e-unha bofetada
com^a-a que deron á Cristo.
É, dempois que lha ten dada,
<27v b>dil[^l]: “aparta, cochino”.
Qued^t-ó pobre mariñheyro
- 210 botando tantos bofidos:::
Él nin queda por ladron,
nin queda por Malco indino;
maldicelhe ós Sacramentos,
comezando có-ó-bautismo;
- 215 non coydes qu^t-è este solo,
qu^a-a todos lhes fay ó mismo.
Nisto jrita ó Capitan
se ó medo lhe dá arbitrio,
que tamen⁷ entra co^t-eles
- 220 como cô- noso veciño.
Capitán. “Aferren la mayor”, dice,
“pues que estamos en pelíjro”.
Aquí entr^t-á vocería,
aquí ó tocar dos pítos,
- 225 aquí ô botar maldiciós,
aquí ós votos a Cristo;
porque nestas ocasiós
dizque ó xsurar nè delito.
¿Faste carjo de tod-^tisto?
- 185 “¿Acia donde bá la proa?”,
lle pregunta, é aturrido
respondelle un qui pro quo,
que en esta ocasion e o mismo.
Nesto ben ó Contramestre,
- 190 con unha cara de Xudio
e o seu gorro na cabeza,
posto na cintura ó pito,
é, si non ben, logo o chaman,
que tamen é dos do Concilio.
- 195 <5r> Dicelle: “Señor nuestro amo,
¿los masteleros ban hijos?
¿Está esa Jarcia fuerte?
¿Hay algun palo rendido?”.
No lo sé, Señor, boy á ber”,
- 200 e en pouco mais de dous brincos
desde á popa bai á proa,
e, sí acha no camiño
algun pobre Mariñeiro,
aunque sea seu amigo
- 205 tiralle unha bofetada
coma á que deron á Cristo.
E, despois que lla ten dada,
dicelle: “aparta, Cochino”.
Queda ó pobre Mariñeiro
- 210 botando tantos bufidos...
Non queda alí por ladron,
non queda por Malco indigno.
Maldicelle os Sacramentos,
empezando polo bautismo,
- 215 mais non penses que he esto solo,
que todos che fan ó mismo.
Nesto grita o Capitan,
si o medo lle da arbitrio,
que tamen⁷ entra con éles,
- 220 coma co o noso veciño.
<5v> Dize: “aferren la mayor,
porque estamos en peligro”;
aquí entra ó vocear,
aquí ó tocar dos pítos,
- 225 aquí ó botar maldiciós,
aquí os votos á Cristo,
porque en estas ocasiós
disque ó Xurar non he delito.
¿Faste cargo de todo esto?

⁷ As letras <e> e <n> de *tamen* lense sobreescritas sobre <bie>, corrixindo así a forma en castelán do adverbio que por erro foi escribindo inicialmente o copista.

- 230 Hayche mais qu'-ainda omito,
que por non serche pesado
non cho ponho por escrito;
pero esto pouco qu'-oyes
dáo tí por socedido
- 235 na Vrca de San Anton,
que foy d-'arribada á Vijo.
Mira nesta confusion
como estaria ó pobriño
<28r a> d'-aquele Padre Capellan
- 240 que deixamos pensatibo.
Sudando, orando é rezando,
estaba pidindo á Cristo,
dicindo: "pase, Señor,
de mí este Caliz sagrado,
- 245 anque por vevelo eu
me chegen á ver Obispo".
No meyo de esta affliction
non achou nengun alibio.
Com'-ó bento continuaba
- 250 é repitian os gritos
dos marinheyros, qu'-estaban
feitos únhos basiliscos,
acordouse neste punto
da Madre dos aflixidos;
- 255 vendose en tanta delor
dixõ: "os dolores m'-arrimo".
Fixõ unha deprecacion
á Virxën con tantos mimos
que sintiu no corazon
- 260 unha migiña de alibio;
foyse dempois tranquilando,

de todo nunc'-ô estibo
nin-ô estará xsamais
hast'-ó dia do XSuizo,
- 265 pois que foy tal ó tirror
que concibeu neste afficto
que cando se bay labar
hestra-áuga lhe dá grimo.
Dicalhe il á Virxën:
- 270 <28r b> "miña madre de aflixidos,
quixera, chijand'-à terra,
facerbos con jrand'-aliño
unha solemne funcion,
mais isto costa os cartiños,
- 275 y-eu non estoy prá jastos.
Direylho-ó meu Viciño
- 230 Haiche moito mais que omito,
que por non parecer largo
non cho poño por escrito.
Pero esto pouco que hoyes
dayo tí por sucedido
- 235 na Vrca de San Antonio
cando arribaron á Vigo.
Mira nesta Confucion
como estaria ó probiño
de aquel pobre Capellan
- 240 que deixamos pensatibo.
Sudando, orando é rezando,
estaba pidindo á Cristo,
dicindo: "pase, Señor,
de min, aunque Obispo,
- 245 este caliz tan amargo,
porque eu no no resisto".
<6r> En medio de esta affliction
non achaba ningun alibio,
porque ó Vento continuaba
- 250 é repitian os gritos
dos Mariñeiros, que andaban
feitos todos Basiliscos.
Acordandose neste punto
da Madre dos aflixidos,
- 255 vendose en tanto dolor,
dixó: "os dolores me arrimo".
Fixó unha deprecacion
á Virxën con tantos mimos
que senteo no corazon
- 260 un xeneriño dé alibio.
Foise despois tranquilando
un pouco, porque tranquilo
de todo nunca ó estibo
nin estará na sua vida.
- 265 Porque foi tal ó terror
que concebeo neste afficto
que cando se bay labar
hasta á auga le dá grimos.
Decialle, pois, á Virxën:
- 270 "miña Virxën daflixidos,
quixëra, en chegando á terra(r),
facerbos con grande aliño
unha solemne funcion,
<6v> mais costa os Cartiños,
- 275 é eu non estóu para gastos;
direillo ó meu viciño

- Yglesias, que, com^l-el queira,
ambos iremos pidindo
á toda-tripulacion,
280 que diste modo confio
que nos sobrá diñeyro
si todos dan seu pouquiño;
ô que non quixere dar
botarelhe un sermonciño
285 con que ó farey chorar
ó mesmo qu^l-un rapaziño;
diste modo quedo franco
sin jastar do meu bulsillo:
iste hé un jran pensamento,
290 boume correndo á decilo”.
Foyse, pois, determinando
á salir do seu boguío
é á subir as escaleyras
pirou facendo peniscos,
295 porqu^l-aínda á embarcacion
iba pejang^l-óseus brincos.
Non parou hast^l-a toldilha
á buscar ó seu amijo,
é dixsolhe: “¿qué hay, Yjresias?”
300 Piloto. “Vienvenido, padre mio:

Vsted viene medio muerto”.
Cappellán. “¿Yl é ó caso prá menos?”
Piloto. “Pues aprender buen oficio”.
<28v a> Capellán. “Teñoche que consultar:
305 tragoche un Voto ofrecido
de facer unha funcion
á Madre dos afixidos
así que cheg^l-ó Ferrol;
non sey si podrey cumprilo”.
310 Piloto. “¿Tiene Vsted mucho dinero?”
Cappellán. “¿Que diñeyro nen que Cristo?
Teñoche unha estrataxema
feita que, si á consijo,
n^l-háremos de jastar nada
315 é habemos quedar lucidos”.
Piloto. “No sé como puede ser,
no sea algun desatino”.
Cappellán. “Tí moy pouco saves diso.
- Yglesias, que, como el queira,
os dous irémos pidindo
á toda á tripulacion,
280 que de este modo confio
que nos sobrá diñeiro
si todos dan ó seu pouquiño;
é o que non quixere dar
encaixólle un Sermonciño
285 con que ó farei chorar
ó mismo que un rapaciño;
de este modo quedo Franco
sin gastar do meu bolsillo:
este he un gran pensamento,
290 boume correndo a decirlo”.
Foise, pois, determinando
á salir do seu buxió
é subir as escaleiras,
pero facendo peinicos,
295 porque aínda á embarcacion
iba pegando seus brincos.
Non parou hasta a toldilla
a buscar ó seu amigo,
e⁸ dixólle: “Que hay, Yglesias?”
300 <7r> Piloto. “Bien benido, padre mio”,
dixólle ó Piloto entonces,
“viene Vsted⁹ medio aturrido”.
Cappellán. “¿El ó caso he para menos?”
Piloto. “Pues áprender buen oficio”.
305 Cappellán. “Teñoche¹⁰ que consultar:
teñoche un boto ofrecido
de facer unha funcion
á Madre dos Afixidos
así que chegue ao Ferrol,
310 non sei si podrei cumprilo”.
Piloto. “¿Tiene Vsted mucho dinero?”
Cappellán. “¿Que diñeiro nin que Cristo?
Teño unha est[r]ataxema¹¹
feita que, si a consigo,
315 non emos de gastar nada
he hemos de quedar lucidos”.
Piloto. “No sé como podrá ser,
no sea algun desvario”.
Cappellán. “Tu muy pouco sabes de esto.

⁸ En ms. este verso iníciase coa indicación do personaxe que fala: Cappellán.

⁹ Ms. *Vm*.

¹⁰ O dígrafo <ch> vai sobrescrito sobre outras letras de difícil lectura.

¹¹ Ms. *estaataxēma*.

- 320 Mira, vente ti co-mijo;
pidamoslh'-ó Capitan,
que non dudo consigilo,
qu'-é home de rompe é rañsa
é il por querer lucilo
hé capáz nesta ocasion
325 de franquearnos ó bolsillo.
Pidimos-os-oficiás,
que tamen farán ó mesmo,
é dempois os mariñeyros
iremos consecutibos.
330 Así nos contentaremos,
anque seya cun cartiño
cada hun, que moytos poucos
iran facendo hun moytiño".
Piloto. "La traza no há sido mala,
335 yó no deshago partido".
<28v b> Deronse, pois, tanta maña
ó Piloto é ó cregiño
que conforme ó pensaron
así mesmo ó consigiron.
340 Aquí os dous ó consultaron,
xña se save, era preciso,
conforme había de ser
á infuncion no Ferrolíño.
"Ó primeiro na parroquia,
345 por ser hun bó edificio,
dempois á Misa cantada
no Altar do Santo Cristo,
qu'-ó Altar mayor aínda
non podrá estar concluído:
350 logo habemos de poñer:...."
Piloto. "Aguarde Vsted, padre mio:
¿y en esto de sacerdotes
que asistan á la funcion?"
Cappellán. "Hom'-eu, prá ista infuncion
355 poucos crejos nazasito.
En xsuntandose no coro
Maestre Freyre é ó seu filho,
hèu, ó filho de XSan Gomez,
é mais Nicolás Cordido,
360 cantaremos unha Misa
- 320 Mira, vente tu comigo,
pidamos lle à Capitan,
que non dudo conseguilo,
que hé un homè de rompe é racha
é el por querer lucilo
325 e capáz nesta ocasión
de franquearnos ó bolsillo.
Pediremos os oficiás,
<7v> que tamen faran ó mesmo,
é despois os mariñeiros
330 iremos consecutibos,
é así nos contentaremos
aunque sea con un Cartiño
cada un, que poucos moitos
irán facendo un montiño¹²".
335 Piloto. "La traza no há sido mala,
yo no deshago partido".
Deronse, pois, tanta maña
ó Piloto e ó Cregiño,
que conforme ó pensaron
340 así mesmo ó conseguiron.
Aquí os dous consultaron,
xã se sabe, era preciso,
conforme habia de ser
á Funcion no Ferrolíño.
345 "O Primeiro na parroquia,
por ser un bon Edificio,
despois á misa cantada
no altar do Santo Cristo,
có Altar mayor aínda
350 non pode estar concluído (1)*.
<8r> Logo hemos de poñer..."
Piloto. "Aguarde Vsted¹³ un poquito:
¿y en esto de Sacerdotes
que asistan al Sacrificio?"
355 Capellán. "Home, eu para esta funcion
poucos cregos necesito.
En Xüntandonos no Coro
Maestro Freire é ó seu fillo,
eu é ó fillo de Xán Gomez
360 é mais Nicolas Cordido
cantaremos unha misa

(1)* La funcion tubo lugar en la Yglesia pa/rroquial de S.n Julian del Ferrol, luego / despues de concluído el Edificio. [Nota orixinal do manuscrito.]

¹² O <n> parece corrixir un <i> anterior (moitiño).

¹³ Ms. *Vm.*

- que poucos á habrán ohído:
poñeremos ó Señor
manifiesto (esto hé preciso),
é, en acabando á Misa,
365 reserbar decontadiño;
ó demais jastar á cera
será hun jran desatino”.
Piloto. “¿Ha de haber musica, Padre?”
<29r a> *Cappellán*. “¡Ból En chamando eu
[á Sisto
- 370 Arostigui é mais á outros
oficiás dos conocidos,
temosche musica ábondo
é forramosche os cartiños”.
Piloto. “Pues en esto de Sermon
375 yó iré á *San Francisco*
y al predicador de tabla,
que es un fraile chiquitico,
se lo recomendaré
(con su parecer, amigo).
380 Dicen que es buen orador
y nos dejará lucidos”.
Cappellán. “Home, tí seyque estas louco
ou seyque perdich’-ó tino;
eu para iste sermon,
385 ¿había d’-ir á *San Francisco*,
nin tampouc’-á Montefaro
nin áos Alcantariños?
Predicador com’-eu sey
non hay por estes partidos,
390 anqu’-ó busques nos Bernardos
ou entr’-os monxses Benitos,
anque diga os Carmelitas
nin entr’-os Capuchinos.
¿Tí conoces á Suarez,
395 que foy noso condicipalo
nascola, un jrande Estudiante?
(Heche un mozo moy lucido.)
O fillo de Pepe Suarez,
aquel que vive en Canido.
400 ¿Saves qu’-hé un jran Bachilher
<29r b> é istubo sustituiúdo
unha Catedra en Santiago
y agora esta en Beneficio?
Pois ese há de predicar
405 y há de deixsar aturridos
á cantos hay no Ferról,
que moy pouco teñen visto;
- que poucos habran oido”.
Piloto. “Pondremos á Su Magestad
manifiesto, eso es preciso”.
365 *Capellán*. “Pero en acabando á misa,
reserbalo decontadiño;
ó demais gastase á cera
é sería un desatino”.
Piloto. “¿Ha de haber musica, Padre?”
370 *Capellán*. “¡Bo! En chamando eu á Sisto,
á Arostiga á mais os outros
oficias conocidos,
temosche musica á pufo,
e aforramos os cartiños”.
375 *Piloto*. “Pues en eso del Sermon
yo iré á *San Francisco*
y al Predicador de tabla,
<8v> que es un fraile chiquitito,
yo se lo recomendaré,
380 salvo parecer amigo;
dicen que es buen orador
y nos dejará lucidos”.
Capellán. “Home, ti sei que estas tolo
ou sei que perdiche ó tino;
385 eu para este Sermon,
¿habia de ir á *San Francisco*,
nin tampouco á Montefaro,
nin aun á ós Alcantarinos?
Predicador como eu sei
390 no hay por este Distrito,
aunque ó busquen nos Bernardos
ou entre os Monxês Benitos,
aunque diga os Carmelitas
nin aun entre Capuchinos.
395 ¿Tí conoces á Suarez,
que foi noso condiscipulo
na escola, un gran estudiante
é un mozo muy leido?
Ó fillo de Pepe Suarez,
400 aquel que vive en Canido.
¿Saves que e un gran Bachiller
e estubo sustituyndo
unha Catedra en Santiago
<9r> é agora esta no beneficio?
405 Pois ese há de predicar
e há de deixsar aturridos
á cantos hay no Ferrol,
que muy pouco teñen visto.

é, si traye á Sotana
 con que sempre²-anda ruñsindo,
 410 porque hé de Seda é parece
 hun paxê dun Arzebispo...”
Piloto. “Si es así, yó me contento
 y de lo demas me río”.
 En estas idas é boltas
 415 foron entrando por Vijo
 é ó qu’-alí socedeu
 non cho poderey dicilo;
 hasta qu’-entraron aquí,
 que lojo deron principio
 420 á facer á sua festa,
 que che foy por este istilo:
 en permeiro foyche Ygresias
 dar co’-él ó Beneficio.
 Deronse catro abrazíños,
 425 qu’-hé natural entre amijos,
 pois x̄sá habia muyto tempo
 qu’-os dous non se habían visto;
 lhé encargaría ó sarmon,
 qu’-á eso iba dirixíndo,
 430 contarialhe os pasax̄ses
 é tormentas qu’-habian tido,
 é, como isto de palabra
 sempre pasa polo olvido,
 <29v a>pideo lhe dese ó diario
 435 para estar mais advertido;
 é de resultas de isto
 botarian un tragiño,
 qu’-os curas beneficiados
 sempre teñen hun bó viño.
 440 Haybos certas malas lenjuas
 qu’-andan no Ferrol dicindo
 que cando fixsô o sermon
 que ó fora dirixsindo
 aquel filho de XSan Gomez
 445 que che lebo referido;
 mais eu, amijo, non creyo,
 qu’-anqu’-hé estudiantíño,
 para isto de Sarmós
 há menester ser sabido.
 450 En fin, *Don Anx̄sel Suarez*
 saleo do seu beneficio,
 é beuse pro-ó Ferrol
 tres dias antes Domingo.

E sí trae unha¹⁴ Sotana
 410 con que sempre anda ruñindo,
 porque he de Seda [e] parece
 ó paxê de un Arzobispo...”
Piloto. “Si es así, yo me conformo
 y de lo demas me río”.
 415 En estas idas é boltas
 foron entrando por Vigo
 é ó que alí sucedeu
 non cho podrei decilo,
 hasta que entraron aquí,
 420 que logo deron principio
 á facer á sua festa,
 que che foi por este estilo.
 O primeiro foi Yglesias
 dar con el á ó Beneficio:
 425 darianse catro abrazos,
 que hé natural entre amigos,
 pois x̄a habia moito tempo
 que os dous non se habian visto.
 <9v> Encargarialle ó Sermon,
 430 que á eso iba dirixíndo,
 contarialle os pasax̄ses
 é tormentas que habian tido,
 é, como eso de palabras
 sole pasar por olvido,
 435 pidirialle dese ó diario
 para estar mais advertido.
 A resultas de todo esto
 botarian un tragiño,
 que os Curas Beneficiados
 440 sempre teñen un bon Viño.
 Hay unhas certas malas lenguas
 que andan nó Ferrol dicindo
 que cando ó Sermon compuxo
 que o fora dirixíndo
 445 (a) áquel fillo de Xán Gomez
 que che lebo referido.
 Pero eu, amigo, nono Creo,
 que, aunque é un bón estudiantíño,
 para esto de Sermós
 450 é menester ser sabido.
 En fin, *Don Angel Suarez*
 saliu do seu beneficio
 e beuse pra ó Ferrol
 tres dias antes do Domingo.

¹⁴ O <h> e o <a> de *unha* foron sobrescritos sobre un <a> anterior.

- Hibase todas as noytes
455 có ó outro, seu amijo,
metianse na parroquia,
é, quedandose soliños,
cerrábanse por adentro.
Subíase ó Pulpitíño,
460 desde ali daba unhas voces
que se aturdía á si mesmo;
interin qu' así berraba
andab' -aquele seu amijo
xša nunha parte, xša noutra,
465 xša frente do Santo Cristo,
xša detrás d' -unha colua,
por si podía ser ohído
- <29v b> ou se perdia aljun jrito.
De resultas de esta proba
470 quedou tan sofocadiño,
que botou polos fuciños
de sangue mais d' -hun cuartillo.
O día de San Lourenzo,
qu' -est' -ano cadro' -en Dominjo,
475 áló por redor das dez
á festa deu seo principio.
Empezaron á tocar
acordes os musiquiños
é empezaron á cantar
480 os do coro á hun tempo mismo.
Freyre facía de baiño,
de tiple facia-ò fillo,
é dempois de contra-alto
iba Nicolás Curdido;
485 de tenor facia Franco,
qu' -á veces daba us chillidos
qu' -ò botaba á perder todo
se non fora pelo fillo
de XSân Gomez, qu' -o enmendaba
490 é cásé facia ó mismo.
En fin, non cantaban mal,
anqu' -eu non fun ohílos;
tampouco ohín ó sermon,
pero contoume un amijo
495 todo ó canto zocedeu
é che lebo referido.
Asistiron á funcion
ó Xšeneral, qu' -hé amijo
- 455 <10r> Ybáse todas as noites
el, ē ó outro seu amigo,
metianse na parroquia
é quedábanse soliños.
Cerrábanse por de dentro
460 é subíanse áo Pulpito;
desde aló daba unhas voces
que se aturdía á sí mesmo.
Ynterin que así berraba
andaba aquele seu amigo,
465 xá nunha porta, xá noutra,
xá en frente do Santo Cristo,
xá detrás de unha columna,
aplicando ó seu oido,
haber si se ohia ben,
470 ou si se perdia algun grito.
De resultas de esta proba
quedou tan sufocadiño¹⁵
que botou po los fuciños
de Sangre mais de un cuartillo.
475 O día de San Lourenzo,
que este ano foi en Domingo,
serian cerca das dez
cuando á festa dou principio.
Empezaron á tocar
480 acordes todos os Musícos
e empezaron á Cantar
os do Coro a un tempo mismo.
<10v> Freire facia de baiño,
de triple facia ó fillo,
485 é despois de contraalto
facia Nicolas Cordido.
De tenor facia Franco,
que á veces daba us chillidos
que ó botaba a perder
490 si non fora polo fillo
de Xán Gomez, que ó emendaba,
que casi facia ó mismo.
En fin, non cantaban mal,
áunque eu non fun oílos;
495 tampouco oin ó Sermon,
porque mo contou un amigo
todo ó que alí sucedeo
é che lebo referido.
Asistiron a funcion
500 ó Xeneral, que he amigo,

¹⁵ O <c> de *sufocadiño* parece ir sobrescrito sobre o trazo inicial dun <d>.

da Casa, é iste libóu
 500 <30r a> á os oficiás consigo.
 Asistéo ó Gobernador
 con todos os seos blanquillos;
 dempois tamen ó Yntendente
 lhe foy facer ó comprído;
 505 dempois os do Ministerio
 tamen fixseron ó mesmo.
 Asistiron as Señoras,
 as de tintin é abanico,
 as de hábito do Carmen,
 510 as Señoras do pouquiño,
 é as de media tixseira,
 é tamen as de trapiño.
 Todos estes convidados
 foron polo consabido
 515 Señor Cura de Sillobre
 con recados politicos;
 ádemais Xsente do Pueblo
 que xsà leran os edictos
 qu'-habia polas esquinas
 520 de que predicaba un fillo
 do Ferrol; todos estaban
 renegando por ohílo.
 Empezouse á celebrar
 de esta Misa ó sacrificio
 525 é, chejando ó evanxselio,
 lojo viron de improviso
 que ó señor Abade estaba
 xšá no pulpito metido
 có-á sotana de seda,
 530 á pelhiz de cambray fino
 aplanchada é aliñada
 <30r b> que parecía un armíño
 é con hun pucho na más,
 qu'-hé necesario ó aliño;
 535 é dempois arrodilhouse
 para botar ó bendito;
 lojo coljou ó bonete
 d'-hun crabo óu garabatiño
 é persignouse en latin,
 540 que foy un gran desatino
 non prosegrír ó Sermon
 en latin, porque imaxšino
 que os mais qu'-estaban dentro
 cas'-entenderon ó mesmo,
 545 qu'-ahora os seus paisanos

e este tamén lebou
 os Oficiás consigo.
 Asisteo ó Gobernador,
 tamén todos os branquillos,
 505 despues tamén ó Yntendente
 lle beu facer o seu cumprido.
 Despois os do Ministerio
 tamen fixeron ó mesmo.
 Asistiron as Señoras,
 510 <11r> as de tum tum é abanico,
 as do Abito do Carmen,
 as Señoras do pouquiño,
 as de mediana tixeira
 é tamén as do trapillo.
 515 Todos estos combidados
 foron polo consabido
 Señor Cura de Sillobre
 con recados políticos;
 é ádemais xēnte do pueblo,
 520 que xā viran os edictos
 que habia polas esquinas
 de que predicaba un fillo
 de Ferrol; todos estaban
 renegando por oílo.
 525 Empezaron á celebrar
 de esta misa ó Sacrificio,
 é, chegando á ó Evanxēlio,
 logo viron de improviso
 có Señor Abad estaba
 530 xā no pulpito metido
 coa sua Sotana de Seda,
 á Pelliz de Cambray fino,
 aplanchada é almidonada
 que parecía un armíño.
 535 E compuxóa muy ben,
 que hé necesario ó aliño.
 <11v> E despois arrodillouse
 para botar ó bendito,
 é logo colgou ó bonete
 540 dun clavo ou garabatiño
 é persignouse en latin,
 que foi un gran desatino
 non prosegruir ó Sermon
 en latin, porque imaxino
 545 que os mais dos que estaban dentro
 casi entenderon ó mesmo.
 De este modo se libraba
 que aora os seus paisaniños,

- por non saver ó qu'-hé bó
 lhan de romper ó vistido.
 Cruzou os brazos, cerrou os olhos,
 murmuñou, non sey que dixõ;
 550 en esta ocasion estaban
 todos colgados d'-hun fio.
 Cando isto me contaron
 acordeime d'-hun libriño
 que lín, en donde hachey
 555 para este caso hun contiño:
 alá en certa ocasion
 daba un monte grandes gritos
 porque queria parir
 é tiña ô mundo aturdido
 560 pensando que rebentase
 ou pegase un estallido
 ou abríse unha bocaza
 é dela salise un rio
 qu'-anejase tod'-o mundo
 565 é nos deixasase sumerxidos.
 Chejóu ó dia do parto
 é paríu hun ratonciño;
 conqu'-amijo, se me entendes,
 <30v a> a tí este conto che aprico,
 570 porque, sejun me contaron,
 aquí socedeo ó mesmo.
 Cando todos esperaban
 que botase o sermon a gritos
 como cando se ensayaba,
 575 íl falaba tan pasiño
 qu'-alguns coidaban qu'-as falas
 íban pola porta fuñindo;
 á cual cerraron entonces,
 pero despois foy ó mismo,
 580 de sorte qu'-aljons qu'-ohíron
 cando pejava alguns gritos
 entralhes pola boca,
 pero non polos ohídos.
 Esto sí que me contaron
 585 que fora facendo un misto
 de encontro, de sentimentos,
- por non saber que he bó,
 550 lle anden roendo ó vestido¹⁶.
 Cruzou os brazos, cerrou os ollos,
 murmuñou, non sei que dixõ;
 en esta ocasion estaban
 todos colgados dun fio.
 555 Cando esto me contaron
 ácordeime do libriño
 de Ysopo, que trae aquí
 para este caso un contiño.
 “Aló en certa ocasion
 560 “daba un monte us grandes gritos
 “porque queria parir
 “é tiña o mundo aturdido
 “pensando que rebentase
 <12r> “é pegase un estallido,
 565 “ou ácase abrise unha boca
 “é dela salise un rio
 “que anegase a todo ó mundo
 “ou o dexáse sumergido.
 “Chegou ó dia do parto
 570 “e pareo un ratonciño”.
 Conque, amigo, si me entendes,
 á tí este conto che áprico,
 porque, sejun me contaron,
 aquí socedeo ó mesmo.
 575 Cando todos esperaban
 botase un Sermon á gritos
 como cuando se ensayaba,
 falaba tan pasiño,
 po lo cual todos pensaron
 580 que as palabras iban fuñindo,
 pola porta, á que cerraron,
 pero despois¹⁷ foi ó mesmo,
 de sorte que algun que oyeu
 cuando pegaba algun grito,
 585 entralle pola boca,
 pero non polo oido.
 Esto sí que me contaron
 que fora facendo un misto,
 de encontro, descendimiento,

¹⁶ Quizais o sentido deste verso se poida relacionar co da expresión do castelán, que xa recolle o dicionario de Sebastián de Covarrubias, “cortar a vno de vestir”, co significado de ‘murmurar del’ (Cobarruias Orozco 1611, s. v. *cortar*).

¹⁷ O copista escribe *despues* nun principio, e logo fai pequenos retoques sobre o <u> e o segundo <e> para substituír a forma do castelán polo *despois* do galego.

- de colüa, crucifixo,
bofetadas, desenclabo,
bolbiase á barca ou barquillo;
- 590 ãa falaba de borrascas,
bolbias'-áo Crucifixo,
de sorte qu'-el enclabou
unhas tres veces á Cristo:
él salía do Calbario
- 595 é iba d'-arribáda á Vigo,
falaba do Capitan,
qu'-hé teniente de Navío,
é poñiase á chorar
com'-hun neno pequeniño.
- 600 Estonces os qu'-ó ohían
dicían que estaba rindo
<30v b> do gozo é de contento
de ver o ben que o fixô.
Duróu com'-hora é media,
- 605 pero, aunque durara un síglo,
sín comer é sen verver
se podía estarlhe ohíndo.
Anqu'-hay aljuns que n'-entenden,
óutros mais contentadizos
- 610 que porqu'-estubo algo largo
dizqu'-lhes causou fastidio;
ó demais n'-estibo malo:
- se os qu'-ohiron n'-entenderon,
il non tibo culpa, amijo,
- 615 qu'-ó sarmon era prá outra
poblacion mais distinguida:
dentro d'-hunha Catedrál,
diante todo hun cavildo,
porqu'-este pueblo hast'-ahora
- 620 está moy mal estruhído.
Eu ohín á duas vellas
en Sæn Roque, que lhe dixô
unha-á outra “¿qu'-hay, fulana?,
¿ohíche ó sarmon Domingo?,
¿que che pareceo de él?”
- 625 “¿Saves qu'-andán dicíndo?”
- 590 de columna, Crucifijo,
- <12v> de sorte que el encrabou
unhas tres veces á Cristo.
El saltaba dó Calvario
é iba de arribada á Vigo,
- 595 falaba do Capitan,
que he Teniente de Navio¹⁸,
é poñiase a chorar
como un neno piquiniño.
Entonces os que o ohían
- 600 decían que se estaba rindo
de gozo é de contento
de ver ó ben que ó fixô.
Durou cerca de ora é media,
pero, aunque durara un sigro,
- 605 sin comer é sin beber
se podía estar sin oílo.
Aunque hai algús que non entenden,
outros mal contentadizos
que porque estubo algo largo
- 610 disque lles causou fastidio.
O demais non estubo malo,
a mais por un bó estilo;
si os que oiron non entenderon,
el non tubo á culpa, amigo,
- 615 que ó Sermon estubo prá
outro pueblo distinguido,
<13r> dentro de unha Catedral,
diante de todo un Cabildo,
porque este pueblo hasta aora
- 620 está muy pouco instruido.

¹⁸ A continuación deste verso aparece anotado e subliñado pola man do copista o apelido “Montalbo”. En efecto, José Rafael de Montalvo y Bruñón de Vértiz, II Conde de Macuriges (1738-1793), foi o Tenente de Navío da Real Armada que comandou a urca San Antonio ou Santo Antón tanto na viaxe de ida de Ferrol a La Habana en 1776 coma no accidentado regreso de 1777 que se relata no romance (Sánchez Yáñez 2012: 73 e ss.).

- dixôlle á outra. “¡Ay, amija!
¡Así che me axude Cristo,
que che me fixô chorar
630 é votar catro moquiños,
é cada vez que m’-acordo
anda me socede ó mismo;
anque hay aljuns ignorantes
dos que che foron a ohílo
635 <31r a> que non lhes pareceo ben
que se puxêra no sitio,
íl anda che meu parente
é máis seique hé teu primo”.
“Xá se save”, dixô á outra,
640 “qu’-o abó dél era meu tío;
seu abó era meu abó”.
“Pois mira sé hé teu parente:
é así, amija, do Sarmon
non che podou decir fixo:
645 huns din ben, outros din mal,
¡quen lhes tomara ó tino!
Janou oito pesos duros
é il salú d’-alí rindo,
lojo se foi á Mujardos,
650 donde quedou moy lucido
porqu’-alí hay outra xente
que non hay no Ferrolíño.
<31r b> Foy pedricar de S^{an} Roque
y-antes tomou dous caldíños
655 que non sería tan mal
sé en Ferrol fixera ó mismo”.
Esto hé ó que pasou,
que che mo contou un amijo
que tamen déu prá á festa
660 cando arribaron á Vijo.
Dín que há de predicar
de S^{an} Xulian ó martirio;
moy pouco tempo lle dan
prá rexistrar os seus libros.
665 In fin, do que socedere,
se hé qu’-os dous andan xúntos,
eu cho participarei.
Entre tanto, Adios, amigo.
- Así, amigo, do Sermon
non che podou decir fixô.
Vs dicen ben, outros mal,
¡quen lles tomara ó tino!
625 Ganou oito pesos duros,
é saleuse dalí rindo,
é logo foi á Mugardos,
donde quedou mais lucido,
porque alí hay outra Xênte
630 que non hai no Ferrolíño.
Foi predicar de S^{an} Roque
e antes tomou dous caldíños,
que non saliría tan¹⁹ mal
si acá fixêra ó mismo.
635 Esto hé o que pasou,
que che mo contou un amigo
que tamen dou para festa
cando arribaron á Vigo.
Dicen que ha de predicar
640 de S^{an} Xúlían o martirio;
<13v> moy pouco tempo lle dán
para rexistrar os libros;
ó que alí sucedere

eu cho participarei.
645 Entre tanto, áDios, amigo.
[rúbrica]

¹⁹ O <n> final desta palabra parece corrixir un <l> previo, escrito por lapso.

4. DIFERENZAS ENTRE URCA 1 E URCA 2

Entre Urca 1 e Urca 2 existen abondosas e relevantes diferenzas. Algunhas delas teñen un carácter propiamente textual, pois consisten en fragmentos que faltan nalgunha das dúas versións ou que se transmitiron de forma diferente, mentres que outras son de natureza lingüística e están relacionadas coas distintas escollas que se fixeron de usos gráficos, de variantes diatópicas ou de formas que implican unha actitude purista ou depuradora máis ou menos intensa en relación co galego escrito (castelanismos, hipergaleguismos e préstamos do portugués) ou de formas léxicas ou de expresións que nada teñen que ver co purismo lingüístico.

4.1. Diferenzas textuais

Unha primeira toma de contacto con Urca 2 permite detectar varias diverxencias significativas entre as dúas versións do *Romance da urca de Santo Antón* que pasamos a enumerar.

En primeiro lugar, destaca na versión coruñesa un encabezamento en prosa, redactado en castelán, que non atopamos na copia madrileña. A modo de retexto, o encabezamento sintetiza o contido da obra, pero serve tamén para xustificar a ficción sobre a que esta se sustenta (é a “noticia que ha dado un Sastre á un amigo suyo”) e a lingua en que foi redactada (non se compuxo en castelán “por no saber mas idioma que el gallego” o seu suposto autor²⁰). Ademais, a peza preséntase baixo o título xenérico de “*Romance*”.

Como xa indicamos no seu momento, o manuscrito de Urca 1 contén tres notas explicativas debidas probablemente á segunda man que interveu sobre o texto retocando algunhas grafías ou formas e corrixindo outras. En efecto, o autor das notas de Urca 1 aclara o tipo de embarcación que é unha *urca*, deixa constancia da identidade dun dos personaxes secundarios e afirma que coñeceu as persoas mencionadas ao longo da historia, aínda que aclara que todas elas xa faleceran no momento en que el escribiu. Isto déranos pé a supoñer a contemporaneidade e a proximidade espacial do anotador cos feitos narrados e cos seus protagonistas, malia resultar evidente que escribía pasados xa moitos anos (Mariño Paz / Suárez

²⁰ O que resulta totalmente inverosímil, pois constátase na lectura da obra o uso dun castelán correctísimo por parte dun dos personaxes.

Vázquez 2012: 13-14). En Urca 2, en cambio, as anotacións versan sobre o templo en que tivo lugar a función relixiosa (v. 350) e sobre a identidade do capitán da urca (v. 596), nomeado simplemente como “Montalbo”, do que se deduce que o personaxe resultaba máis ou menos familiar para o anotador orixinal (non necesariamente para o copista de Urca 2).

Especial interese teñen as diferenzas que afectan propiamente o corpo do romance. A máis notable delas é que Urca 2 non recolle a pasaxe das “dúas vellas” que opinan en San Roque²¹ sobre o sermón de Ánxel Suárez (22 versos en total, do 621 ao 642). A motivación que puido dar orixe a esta diverxencia entre os textos non é doada de adiviñar: poderíase considerar que, unha vez posto en circulación o romance, alguén decidiu introducir nel, con ánimo burlesco, a mención a unha escena ocorrida o día da función relixiosa (o feito de que unha anciá, emparentada con Ánxel Suárez, chorou emocionada a causa dun sermón que, no sentir xeral, resultou desastroso); ou ben cabe pensar que a pasaxe das dúas vellas xa formou parte do texto orixinal desde un inicio, pero que algún copista (o responsable de Urca 2 ou o dalgún testemuño interposto), decidiu omitila por algunha razón que se nos escapa.

A confrontación entre as dúas versións permite así mesmo descubrir erros de copia ou de interpretación por parte dun ou doutro amanuense (ou dos das súas fontes). Por exemplo, Urca 2 omite catro versos por un caso claro de salto de igual a igual (motivado pola repetición da palabra *crucifixo* en final de liña); así, mentres en Urca 1 podemos ler: “Esto sí que me contaron / que fora facendo un misto / de encontro, de sentimentos, / de colüa, crucifixo, / bofetadas, desenclabo, / bolbiase á barca ou barquillo; / ña falaba de borrascas, / bolbias’-áo Crucifixo, / de sorte qu’-el enclaboü / unhas tres veces á Cristo” (vs. 584-593), en Urca 2 atopamos: “Esto sí que me contaron / que fora facendo un misto, / de encuentro, descendimiento, / de columna, Crucifijo, / de sorte que el encrabou / unhas tres veces á Cristo” (vs. 587-592). Outros versos que faltan en Urca 2 e que podemos ler en Urca 1 son o 95, 96, 264 e 666. Pola contra, Urca 2 permite restaurar na versión transmitida por Urca 1 os versos 147, 148, 262, 301, 469, 547 e 612, co

²¹ Entendemos que se trata das inmediacións da extinta capela de San Roque, nas proximidades da igrexa de San Francisco, onde uns poucos anos despois, en 1784, se instalaría a coñecida fonte que aínda se conserva.

que quedaría resolta a práctica totalidade de irregularidades do esquema de rimas que xa foron sinaladas no seu día (Mariño Paz / Suárez Vázquez 2012: 17)²².

Outros erros de copia ou de interpretación por parte dun e doutro amanuense son de doada detección se se continúa co cotexo das dúas versións. É o caso de “que por Pepa dixën Pieta” (Urca 2, v. 17), onde lemos *Pieta* no lugar de *Piepa*; tamén de “Por decir “Señor Piloto”, / como ben medio dormido, / dicelle: “Señor Piloto” (Urca 2, vs. 179-181), onde o segundo *Piloto* é un erro por *Pilato*; de “como estaria ó probiño / de aquel pobre Capellan” (Urca 2, vs. 238-239), onde o *pobre* do segundo verso recolle o *pobre* do verso anterior e introdúceo no canto do que en Urca 1 é *padre*; de “poucos moitos / irán facendo un montiño” (Urca 2, vs. 333-334) no canto de “moitos poucos”; de “de triple facia ó fillo” (Urca 2, v. 484), por “de triple facía o fillo”, como mostra Urca 1 (v. 482); de “descendimiento” (Urca 2, v. 589), que aparece en lugar de “de sentimientos” (Urca 1, v. 586); e de “Anqu’-hay aljuns que n’-entenden, / óutros mais contentadizos” (Urca 1, vs. 608-609), onde o segundo verso carece de sentido ao confundirse “mais” con “mal” (como se le en Urca 2, v. 608).

Nalgún treito, en fin, as diverxencias textuais entre a versión dun e doutro manuscrito afectan outros aspectos alén da ortografía ou da escolla de variantes diatópicas ou léxicas, aínda que o contido das dúas pezas non se aparta significativamente. Sirvan de exemplo disto que dicimos as pasaxes “Sudando, orando é rezando, / estaba pidindo á Cristo, / dicindo: «pase, Señor, / de mí este Caliz sagrado, / anque por vevelo eu / me chegen á ver Obispo»” de Urca 1 (vs. 241-246) e “Sudando, orando é rezando, / estaba pidindo á Cristo, / dicindo: “pase, Señor, / de min, aunque Obispo, / este caliz tan amargo, / porque eu no no resisto” de Urca 2 (vs. 241-246).

4.2. Diferenzas lingüísticas

4.2.1. Usos gráficos

Anotamos a seguir algunhas características gráficas de Urca 2 que singularizan esta nova versión fronte á xa coñecida de Urca 1.

²² Todas estas omisións de versos, dun ou doutro tipo, nunha ou noutra versión, explican que as pezas conservadas nos chegasen con distinta extensión: 668 versos no caso de Urca 1 e 645 no de Urca 2.

Urca 2 non presenta o uso dos dígrafos do portugués <nh> e <lh> para a representación das consoantes palatais /ɲ/ e /ʎ/, mentres que en Urca 1 aparecen combinados con <ñ> e <ll>. O peculiar dígrafo <ñh> que tamén se localiza en Urca 1, en ocasións resultante da intervención do revisor do texto, parece que busca facilitar a lectura, evitando a coincidencia na representación da nasal palatal /ɲ/ e da nasal velar /ŋ/, transcrita sistematicamente mediante <nh> (vs. 15, 23, 161, 164, 165, 175, 252, 273, 306...). Urca 2 tamén opta maioritariamente por <nh> para a grafización do fonema /ɲ/, aínda que nos primeiros rexistros se aprecia certa vacilación por parte do copista: “*Vn ha vez quiñen provar*” (v. 15), “non falar *una* palabra” (v. 23), “e fán *unha* Xūnta de linguas” (v. 27)²³. É probable que optase por regularizar a representación deste fonema durante o propio proceso de copia.

Ao contrario ca en Urca 1, en Urca 2 apenas se representan contraccións, elisións vocálicas e outros fenómenos de fonética sintáctica propios da oralidade²⁴, o que lle dá ao texto un aspecto moito máis moderno ca o de Urca 1 mais non sen provocar que haxa versos que resulten hipermétricos, cando menos na súa versión escrita. É o caso de “Aunque hai algús que non entenden, / outros mal contentadizos / que porque estubo algo largo / disque lles causou fastidio” (Urca 2, vs. 607-610), que se corresponde en Urca 1 co seguinte: “Anqu’-hay aljuns que n’-entenden, / ó outros mais contentadizos / que porqu’-estubo algo largo / dizqu’-lhes causou fastidio” (Urca 1, vs. 608-611). Á parte do visto nos versos que acabamos de citar, a representación plena do adverbio de negación *non* ante palabra iniciada por vogal dá lugar tamén a outros versos aparentemente hipermétricos en Urca 2: “disque ó Xurar non he delito” (v. 228), “O demais non estubo malo” (v. 611) ou “si os que oiron non entenderon” (v. 613).

4.2.2. Variantes diatópicas

Faremos, para empezar, unha sumaria presentación das principais diferenzas que observamos no tocante a este tipo de variantes²⁵:

²³ Xa ben avanzado o romance detectamos un caso de rectificación da forma <una> por <unha> (v. 409).

²⁴ Non nos referimos, claro está, ás contraccións de palabras gramaticais que se realizan de modo máis ou menos sistemático na lingua e que en xeral son representadas explicitamente en Urca 2 (*cho*, *da(s)*, *do(s)*, *dun*, *lla*, *llo*, *nesta*, *neste*, *nesto*, *na*, *no(s)*, *po lo(s)*, *pola(s)*, *polo...*).

²⁵ Para a localización e o comentario das variantes rexistradas en Urca 1 remitimos o lector a Mariño Paz (2012).

1. Gheada. Mentres que en Urca 1 se representa explicitamente case sempre, en Urca 2 isto non se fai nunca.
2. *Moito* e *muíto*. Como resultado do grupo latino ŪLT de MŪLTU(M), o que aparece é case sempre o ferrolán /'oi/ (*moito*) nas dúas copias, mais nunha ocasión o *moito* de Urca 2 (“moito tempo”, v. 427) correspóndese con *muyto* en Urca 1 (v. 426). Ora ben, en seis de sete casos a variante apocopada *moy* de Urca 1 correspóndese con *muy* en Urca 2 (“muy poucas nóces”, v. 63; “muy larga”, v. 175; “muy pouco sabes”, v. 319; “muy lehido”, v. 398; “muy pouco teñen visto”, v. 408; “muy pouco instruído”, v. 620).
3. *Bo* e *bon*. O adxectivo proveniente do latino BŎNU(M) é hoxe *bon* nun amplo territorio galego que abrangue as terras de Ferrol. Urca 2 presenta tres ocorrencias de *bon* (vs. 346, 440 e 448) e outras dúas de *bo* (vs. 549 e 612), mentres que Urca 1 só ofrece *bo*.
4. Plurais nominais occidentais ou centrais. Se canto a substantivos terminados en consoante nasal no singular ambas as copias coinciden no uso da solución central, que é tamén a ferrolá (*maldiciós, ocasios, Sermós*, en vs. 225, 227 e 449 de Urca 2), para o artigo *un* e o cuantificador *algún* a opción a prol da variante occidental de Urca 1 contrasta coa preferencia pola central (e ferrolá) en Urca 2: *algús* (Urca 2, v. 607) = *aljuns* (Urca 1, v. 608), *Vs* (Urca 2, v. 623) = *huns* (Urca 1, v. 645). Con todo, en Urca 2 tamén hai un caso de *uns* (v. 146) que se corresponde cun singular en Urca 1 (“hun ecsorcismo”, v. 148).
5. Pronome persoal suxeito da P2. En dúas ocasións Urca 2 (“*Tu* muy pouco sabes”, v. 319; “vente *tu*”, v. 320) apártase do ferrolán *ti* de Urca 1. Nos outros catro casos hai coincidencia en *ti*.
6. Pronome persoal tónico masculino da P3. Ben como suxeito, ben como termo de preposición, en Urca 1 dáse unha igualada alternancia entre a variante común *el(es)* e a lucu-auriense *il*. Polo contrario, esta solución *il* nunca se usou en Urca 2, de tal modo que a “*Yl* é ó caso” (Urca 1, v. 302) lle corresponde “*El* ó caso he” (Urca 2, v. 303) na copia da Real Academia Galega, a “*Il* por querer lucilo” (Urca 1, v. 323) “*el* por querer lucilo” (Urca 2, v. 324) e a “*il* non tibo culpa” (Urca 1, v. 614) “*el* non tubo á

- culpa” (Urca 2, v. 614). Nos outros casos a versión de Urca 2 non contén un pronome persoal tónico masculino de P3.
7. Demonstrativos masculinos. Se en Urca 1 hai unha apertura parcial á forma lucu-auriense *iste*²⁶, que alterna en minoría con *este*, en Urca 2 só se usa *este*. Así, as seis ocorrencias de *iste* en Urca 1 (vs. 51, 280, 287, 289, 384 e 499) atopan un *este* en Urca 2 (vs. 51, 280, 287, 289, 385 e 501).
 8. Demonstrativos femininos. Fronte aos sete de *esta*, en Urca 1 aparecen dous rexistros dun *ista* (vs. 177 e 354) que, aínda que ten uso popular en certa variedades da área lucu-auriense, probablemente chegou a este romance debido a un impulso diferencialista verbo do castelán. En Urca 2 eses dous rexistros de *ista* correspóndense co común *esta* (vs. 177 e 355).
 9. Demonstrativos invariables. As variantes hipercaracterizadas *isto* e *iso*, propias de Ferrolterra e usadas maioritariamente en Urca 1, desaparecen en Urca 2, onde lemos *esto* (vs. 18, 139, 157, 182, 217, 229, 319, 437, 449 e 555) onde na outra copia batemos con *isto* ou *iso*.
 10. Vogal temática da P3 do pretérito de indicativo dos verbos da terceira conxugación. En ambas as versións se observa unha escolla maioritaria a prol das variantes propias da comarca ferrolá, con /'e/, mais hai discordancia canto á concreta solución adoptada en cinco pasaxes: *pareo* (Urca 2, v. 570) = *paríu* (Urca 1, v. 567), *saleu* (Urca 2, v. 626) = *salíu* (Urca 1, v. 648), *salíu* (Urca 2, vs. 32 e 452) = *saleu* ou *saleo* (Urca 1, vs. 32 e 451), *senteo* (Urca 2, v. 259) = *sintíu* (Urca 1, v. 259).
 11. P3 do pretérito de indicativo de *dar*. En tanto que en Urca 1 se optou pola variante non ferrolá *deu*, en Urca 2 empregouse a ferrolá *dou* (vs. 158, 478 e 637).
 12. P3 e P6 do presente de indicativo de *dicir*. A alternancia entre as variantes *dice* / *dicen* e *di* / *din*, condicionada polas esixencias métricas na elaboración dos versos, dáse nas dúas versións, con discordancia canto á solución escollida en tres casos: *dice* (Urca 2, v. 208) = *di* (Urca 1, v. 208), *dicen* (Urca 2, vs. 623 e 639) = *din* (Urca 1, vs. 645 e 661). Hoxe en Ferrol

²⁶ Nunca a *ise* nin a *aquil*.

úsanse *di* e *din*, mais é posible que entre 1777 e o século XIX tamén se empregasen alí *dice* e *dicen* (cf. Mariño Paz 2019).

13. *Facer* e *fager*. A excepcional ocorrencia de *fager* en Urca 1 (v. 162) correspóndese coa ferrolá *facer* en Urca 2 (v. 162).
14. Adverbios de lugar absolutos. Tanto en Urca 1 coma en Urca 2 se usan nalgúns ocasións as formas rematadas en *-ó*, coñecidas na comarca ferrolá, con discordancias canto á solución concretamente seleccionada en varias pasaxes: *acá* (Urca 2, v. 25) = *acó* (Urca 1, v. 25), *alá* (Urca 2, v. 31) = *aló* (Urca 1, v. 31), *aló* (Urca 2, v. 461) = *ali* (Urca 1, v. 460), *aló* (Urca 2, v. 559) = *alá* (Urca 1, 556).
15. *Cando* e *cuando*. A variante ferrolá *cando* é a única en Urca 1 e a máis frecuente en Urca 2, mais en tres casos Urca 2 presenta *cuando* (vs. 478, 577 e 584).
16. *Dempois* e *despois*. A marcada preferencia pola variante non ferrolá *dempois* que se observa en Urca 1 non acha correlato en Urca 2, que sempre opta pola común e ferrolá *despois* (vs. 207, 261, 329, 347, 485, 507, 537 e 582).
17. *Entonces* e *estonce(s)*. A apertura a *estonce* ou *estonces* de Urca 1 non acha correlato en Urca 2, onde só se le a ferrolá *entonces* (vs. 21, 143, 301 e 599).

As variables para as que as escollas de cada texto son máis constantes e distintivas son as seguintes: 1) a gheada, completamente ausente en Urca 2; 2) *bon*, ausente en Urca 1 e con notable presenza en Urca 2; 3) pronome persoal suxeito da P2 (Urca 1, *ti*; Urca 2, *ti* e *tu*); 4) pronome persoal tónico masculino da P3 (Urca 1, *el* e *il*; Urca 2, *el*); 5) demostrativos masculinos (Urca 1, *este* e *iste*; Urca 2, *este*); 6) demostrativos femininos (Urca 1, *esta* e *ista*; Urca 2, *esta*); 7) demostrativos invariables (Urca 1, *esto* e *isto*; Urca 2, *esto*); 8) P3 do pretérito de indicativo de *dar* (Urca 1, *deu*; Urca 2, *dou*); 9) *cando* e *cuando* (Urca 1, *cando*; Urca 2, *cando* e *cuando*); 10) *dempois* e *despois* (Urca 1, *dempois* e *despois*; Urca 2, *despois*); e 11) *entonces* e *estonce(s)* (Urca 1, *entonces* e *estonce(s)*; Urca 2, *entonces*).

Verbo destas once variables con usos máis constantes e distintivos caben dúas observacións:

- a. En catro delas a opción a prol do uso ferrolán de Urca 1 alterouse en Urca 2: gheada²⁷, pronome persoal suxeito da P2, demostrativos invariables, *cando* e *cuando*.
- b. Polo contrario, en sete delas sucedeu o contrario: *bo* e *bon*, pronome persoal tónico masculino da P3, demostrativos masculinos, demostrativos femininos, P3 do pretérito de indicativo de *dar*, *dempois* e *despois*, *entonces* e *estonce(s)*.

Por tanto, o apego ao uso ferrolán con apertura ao interdialectalismo, que no noso traballo de 2012 presentamos como característico de Urca 1, tamén se dá en Urca 2, aínda que en termos diferentes. Xa que logo, a análise contrastiva da variación diatópica visible en ambas as copias non permite concluír que unha delas tivese unha conexión menos estreita coa cidade e a comarca en que o romance se creou.

4.2.3. Purismo lingüístico

Salta á vista que sobre a versión transmitida por Urca 1 gravitou unha tendencia contra o castelanismo real ou suposto ou unha preocupación descastelanizadora que en xeral falta en Urca 2. Mesmo se observa que en Urca 1 aparecen pseudogaleguismos creados por diferencialismo que non teñen ningunha correspondencia en Urca 2. Na seguinte táboa recollemos diferenzas moi significativas canto a esta cuestión:

Urca 1	Urca 2	Observacións
<i>pouco</i> (vs. 19 e 98)	<i>rato</i> (vs. 19 e 96)	
<i>Estonce</i> (v. 21) e <i>estonces</i> (v. 600)	<i>entonces</i> (vs. 21 e 599)	Hai dous casos de <i>entonces</i> en Urca 1 (vs. 145, 578), o segundo sen correlato en Urca 2.
<i>de, aunque esta no martirio</i> (v. 22)	<i>aunque esta no martirio</i> (v. 22)	Máis exemplos de <i>unque</i> ou <i>anqu'</i> en Urca 1 fronte ao uso de <i>aunque</i> en Urca 2: vs. 84, 204, 245, 331, 390, 392, 447, 492 e 605.

²⁷ Obviamente, é posible que a renuncia á representación da gheada en Urca 2 obedecese a unha consideración negativa deste fenómeno por parte do copista, e non a unha opción a favor dunha determinada variante diatópica no caso desta variable.

<i>Vrca de San Antón</i> (vs. 33 e 235)	<i>Vrca de San Antonio</i> (vs. 33 e 235)	
<i>que x̄sã a doyto de contino</i> (v. 60)	<i>que ó acostumbra de contino</i> (v. 60)	
<i>non soceda agora ó mesmo</i> (v. 120)	<i>non suceda aora ó mismo</i> (v. 118)	Mesmo aparece por <i>mismo</i> en Urca 1 en catro casos: sempre que non está en posición de rima (vs. 286, 339) e incluso, curiosamente, nalgún exemplo en que si o está (vs. 120, 571).
<i>foy remex̄ser ós seus libros</i> (v. 150)	<i>foi registrar os seus libros</i> (v. 150)	
<i>unha bata moy lonja</i> (v. 175)	<i>unha Bata muy larga</i> (v. 175)	Pero en Urca 1 tamén se le “que porqu’-estubo algo largo” (v. 610).
<i>que por non serche pensado</i> (v. 231)	<i>que por non parecer largo</i> (v. 231)	
<i>non coydes qu’-è este solo</i> (v. 215)	<i>mais non penses que he esto solo</i> (v. 215)	
<i>y-eu non estoy prá jastos</i> (v. 275)	<i>é eu non estóu para gastos</i> (v. 275)	Fronte á tendencia maioritaria de Urca 2, en Urca 1 aparece con certa frecuencia a forma sincopada da preposición <i>para</i> . Do mesmo xeito atopamos nalgúns casos a conxunción adversativa <i>pero</i> baixo a forma <i>pro</i> en Urca 1.
<i>nin áos Alcantariños?</i> (v. 387)	<i>nin aun á õs Alcantarinos?</i> (v. 388)	
<i>En fin, Don Anx̄sel Suarez</i> (v. 450)	<i>En fin, Don Angel Suarez</i> (v. 451)	En cambio, non se galeguizou en Urca 1 o nome José (“chamanchelle Don José”, v. 41), que si vemos corrixido sobre a marcha como X̄osé en Urca 2 (“é chamanlle D. X̄osé”, v. 41).
<i>é tamen as de trapiño</i> (v. 512)	<i>é tamén as do trapillo</i> (v. 514)	A expresión é castelá (usada aínda en Ferrol hoxe en día), polo que a galeguización da terminación <i>-illo</i> parece evidente.
<i>de encontro</i> (v. 586)	<i>de encuentro</i> (v. 589)	O significado é o relixioso referido á Paixón de Cristo, polo que en Urca 1 podería haber unha galeguización consciente dun termo castelán presente na lingua oral espontánea.
<i>d’-unha colua</i> (v. 466)	<i>de unha columna</i> (v. 467)	
<i>de colüa</i> (v. 587)	<i>de columna</i> (v. 590)	

En Urca 1 tamén puido responder a esa vontade galeguizadora ou diferencialista con respecto ao castelán a alteración do vocalismo átono de moitas voces e expresións que comparten as dúas linguas: *istimo* (v. 2), *istilo* (v. 10), *Castillano* (v. 13), *in fin* (vs. 29, 65), *apillido*²⁸ (v. 34), *in vindo* (v. 38), *famelear* (v. 42),

²⁸ Neste caso, Urca 2 emprega a forma autenticamente galega *apelido* (v. 34).

roído (v. 64), *paricia* (v. 73), *mitido* (v. 94), *rispiro* (v. 96), *soceda* (v. 120)... Nesta mesma liña poderíase situar tamén a representación gráfica non sistemática da gheada (*justo* —v. 4—, *Jallejo* —v. 12—, *Jallegiño* —v. 24—, *lenjuas* —v. 27—, *gran* —v. 43—...), ausente por completo de Urca 2²⁹ (aquí posiblemente desvirtuando, polo menos en parte, a versión do romance orixinal³⁰). E o recurso ao portugués (dígrafos <lh> e <nh>, *meyo* —v. 247—, *pelo* —v. 488—)³¹, que en non poucas ocasións foi corrixido pola segunda man que interveu no manuscrito, tamén pode ir nesta liña diferencialista de Urca 1, aínda que tamén hai que considerar a posibilidade de que o seu copista, seguramente familiarizado coa lectura ou coa escrita do portugués, optase simplemente por aproveitar recursos gráficos e lingüísticos dun código que debeu de sentir moi próximo ao que estaba a empregar na copia do romance.

4.2.4. *Escollas léxicas e expresivas non relacionadas co purismo lingüístico*

Son moi numerosas as diferenzas entre as escollas léxicas e expresivas de ambas as versións que non se poden vincular cunha probable tensión depuradora do castelanismo que se mostrou moito máis activa na man responsable de Urca 1 ca na que produciu Urca 2. Poucas veces se conectan estas diferenzas de expresión con diferenzas de alcance no significado. Polo contrario, o que case sempre vemos non é outra cousa ca unha alternancia entre opcións que transmiten significados iguais ou moi próximos, coma nos casos seguintes:

Urca 1	Urca 2
<i>conoces</i> (v. 11)	<i>sabes</i> (v. 11)
<i>Jallejo castizo</i> (v. 12)	<i>gallego campesino</i> (v. 12)
<i>un misto</i> (v. 27)	<i>unha Xunta</i> (v. 27)

²⁹ Consideramos pouco probable que formas como “gallegiño” ou “Cregiño” de Urca 2 constitúan unha representación intencionada da gheada nesas palabras.

³⁰ Cabe supoñer que cando menos na fala en castrapo dos mariñeiros que fixeron a accidentada viaxe a bordo da urca San Antonio (vs. 196-198) a representación da gheada (e da gueada), que responde a unha clara intención humorística, debía de estar presente no manuscrito orixinal.

³¹ Non consideramos neste grupo a voz *hinos* (v. 76), pois *hymno* e non *hino* é a única forma rexistrada nos textos portugueses ata moi entrado o século XIX.

<i>Nómeareyche</i> (v. 39)	<i>Direiche</i> (v. 39)
<i>temído</i> (v. 44)	<i>tímido</i> (v. 44)
<i>savído</i> (v. 54)	<i>advertido</i> (v. 54)
<i>salves</i> (v. 76)	<i>Salmos</i> (v. 76)
<i>chéa</i> (v. 132)	<i>atallos</i> ³² (v. 130)
<i>sobr-'os ollos</i> (v. 169)	<i>encima dos ollos</i> (v. 169)
<i>való mesmo</i> (v. 188)	<i>e o mesmo</i> (v. 188)
<i>atopa</i> (v. 202)	<i>acha</i> (v. 202)
<i>cimbralhe</i> (v. 205):	<i>tiralle</i> (v. 205)
<i>comezando</i> (v. 214)	<i>empezando</i> (v. 214)
<i>á vocería</i> (v. 223)	<i>ó vocear</i> (v. 223)
<i>unha migiña de alibio</i> (v. 260)	<i>un xêneriño dé alibio</i> (v. 260)
<i>ambos</i> (v. 278)	<i>os dous</i> (v. 278)
<i>botareilhe</i> (v. 284)	<i>encaixõlle</i> (v. 284)
<i>muerto</i> (v. 301)	<i>aturdido</i> (v. 302)
<i>tragoche</i> (v. 305)	<i>teñoche</i> (v. 306)
<i>desatino</i> (v. 317)	<i>desvario</i> (v. 318)
<i>á la funcion</i> (v. 353)	<i>al Sacrificio</i> (v. 354)
<i>ábondo</i> (v. 372)	<i>á pufo</i> (v. 373)
<i>louco</i> (v. 382)	<i>tolo</i> (v. 383)
<i>estes partidos</i> (v. 389)	<i>este Distrito</i> (v. 390)
<i>moy lucido</i> (v. 397)	<i>muy lehido</i> (v. 398)
<i>contento</i> (v. 412)	<i>conformo</i> (v. 413)
<i>fixsô o sermon</i> (v. 442)	<i>ó Sermon compuxo</i> (v. 443)
<i>cadro</i> (v. 474)	<i>foi</i> (v. 476)
<i>iba</i> (v. 484)	<i>facia</i> (v. 486)
<i>tintin</i> (v. 508)	<i>tum tum</i> (v. 510)
<i>leran</i> (v. 518)	<i>viran</i> (v. 520)
<i>aliñada</i> (v. 531)	<i>almidonada</i> (v. 533)
<i>lham de romper</i> (v. 547)	<i>lle anden roendo</i> (v. 550)
<i>salía</i> (v. 594)	<i>saltaba</i> (v. 593)
<i>com'-hora e media</i> (v. 604)	<i>cerca de ora é media</i> (v. 603)
<i>mal estruhido</i> (v. 620)	<i>pouco instruido</i> (v. 620)

³² Equivalente do castelán *hatajo* ou *atajo* 'grupo de persoas ou cousas'.

No entanto, hai ocasións en que vemos que as diferenzas entre as opcións léxicas ou expresivas dos dous manuscritos se corresponden con diferenzas semánticas moi importantes. Isto é o que pasa nos seguintes casos:

Urca 1	Urca 2
<i>famelear</i> (v. 42)	<i>Comisario</i> (v. 42)
<i>peligro</i> (v. 116)	<i>prodigio</i> (v. 114)
<i>quitar'-ó sentido</i> (v. 140)	<i>lebará á fio</i> (v. 138)
<i>halarido</i> (v. 160)	<i>laberinto</i> (v. 160)
<i>Caliz sagrado</i> (v. 244)	<i>caliz tan amargo</i> (v. 245)
<i>padre mio</i> (v. 351)	<i>un poquito</i> (v. 352)
<i>nunha parte</i> (v. 464)	<i>nunha porta</i> (v. 465)
<i>é con hun pucho na más</i> (v. 533)	<i>E compuxõa muy ben</i> (v. 535)

Do noso punto de vista, as diferenzas que non implican variacións semánticas de importancia pódense explicar perfectamente como a lóxica consecuencia dun proceso de transmisión oral que puido chegar a alcanzar moitos chanzos e que, como é evidente, está moi exposto a que a memoria dos recitadores poida fallar e introducir variantes non intencionadas en non poucas ocasións. Ora ben, non se pode negar que estes cambios tamén se puideron facer a propósito. Caben igualmente neste modo de transmisión as diferenzas que comportan cambios semánticos notables, mais tamén é certo que neste segundo caso debemos admitir que son maiores as posibilidades de que tales diferenzas xurdisen como consecuencia dunha acción consciente e premeditada dalgún mediador para alterar o romance que a el lle chegara por vía oral ou por vía escrita. Se no apartado anterior vimos variantes entre unha e outra fonte que poden mover a sospeitar unha consciente actuación depuradora do castelanismo, real ou suposto, no proceso de copia de Urca 1, agora reparamos en casos en que as diferenzas puideron xurdir simplemente a causa dunha intención de en certos casos dicir cousas distintas das que se dicían na versión recibida ou ben de dicir o mesmo, mais de distinta forma.

5. CONCLUSIÓNS

Presentamos neste traballo unha nova versión do *Romance da urca de Santo Antón*, unha extensa composición de 1777 que ata hai uns poucos anos se ignoraba

por completo nos estudos de historia da lingua e da literatura galegas. O valor deste novo manuscrito que agora damos a coñecer radica nas diferenzas ortográficas, dialectais e de escollas léxicas e expresivas e mesmo textuais que ofrece con respecto á versión que exhumamos en 2012.

O feito de seren os dous testemuños coñecidos copias oitocentistas e de manifestaren así mesmo diferenzas tan acusadas entre si lévanos a supoñer que a peza debeu de gozar de certo éxito entre finais do século XVIII e comezos do XIX, e que dela chegaron a circular diversas copias (ata onde nós sabemos, só manuscritas), da mesma maneira que ocorreu c' *O preiteante galego* ou *O litigante labrador* (ca. 1837), do que hoxe en día dispoñemos de tres versións impresas e cinco versións manuscritas diferentes (*Papés* 2008: 411-435)³³.

Con todo, hai que indicar que probablemente o romance, despois de suscitar por razóns evidentes un primeiro interese de carácter local, iría co paso dos anos investíndose dun interese principalmente lingüístico que o levaría máis alá das fronteiras da comarca en que se creara, pois ao cabo tratábase dunha peza escrita en galego nun tempo en que isto non fora tan relativamente frecuente como chegou a selo no século XIX. Así, as angueiras galeguistas do Rexurdimento pleno e das décadas anteriores alentaron en distintas persoas o desexo de investigaren sobre o pasado recente e non tan recente da lingua e da literatura de Galicia e foi isto, con certeza, o que motivou que Eugenio Reguera y Pardiñas e, seguramente, tamén Antonio María de la Iglesia se fixesen con cadanseu exemplar do *Romance da urca de Santo Antón*.

Despois de feita a análise do novo testemuño descuberto da peza ferrolá, cremos que existe a posibilidade de que Urca 1 sexa a posta por escrito dun texto oral recitado (quer polo seu autor, quer por algunha persoa do seu círculo) que, unha vez pasado a limpo, fose supervisado, con maior ou menor fortuna, por alguén con autoridade sobre o texto, alguén que, quizais por razóns de idade, xa non estaría en condicións de executar el mesmo o pesado traballo de copia. Apoiaría esta hipótese a tendencia de Urca 1 a representar sobre o papel toda unha serie de contraccións, elisións vocálicas e outros fenómenos de fonética sin-

³³ Ademais das tres copias manuscritas que xa coñeciamos en 2008 (*Papés* 2008: 413), temos localizadas a día de hoxe dúas versións máis do século XIX: unha conservada na Biblioteca Nacional de España (Mss/12969/23) e outra, que pertenceu a Eugenio Reguera y Pardiñas, no Archivo Histórico Nacional de Madrid (Códice 1052B).

táctica propios da oralidade que non se observan en Urca 2. Así mesmo, cabería explicar pola mesma razón o feito de que algunhas diverxencias entre Urca 1 e Urca 2 poidan explicarse mellor como erros “de oído” que como erros de copia: pensamos, por exemplo, no caso de “de sentimentos” (Urca 1, v. 586) por “descendimiento” (Urca 2, v. 589), e tamén nalgún outro como “óutros mais contentadizos” (Urca 1, v. 609) por “outros mal contentadizos” (Urca 2, v. 608). Máis aínda: do noso punto de vista, os dous casos de distinta segmentación de versos que se dan en Urca 1 e Urca 2 explícanse doadamente se pensamos que un dos testemuños partiu dunha fonte non escrita: referímonos a “é in isto un golpe de mar / *beu* é saltou ó portillo” (Urca 1, vs. 141-142), que contrasta con “Nesto un golpe de mar *beu* / e saltou polo portillo” (Urca 2, vs. 139-140), e mais a “Nisto outro golpe de mar / *beu* é deu á popa un bico” (Urca 1, vs. 157-158) en lugar de “Nesto outro golpe de mar *beu* / e dou á popa un bico” (Urca 2, vs. 157-158).

Deste modo, supoñendo que Urca 1 puido verse afectada polos erros de memoria dun posible recitador e tamén polos retoques do amanuense ou dun corrector ao executar a posta en limpo dos seus apuntamentos (algúns claramente dirixidos a mellorar o código empregado; outros quizais destinados a puír aspectos da métrica³⁴), é posible que Urca 2 conteña unha versión máis achegada ao orixinal perdido. En calquera caso, mentres non se produzan novos achados textuais, só nos poderemos mover canto a isto no terreo da especulación.

Do que non cabe dúbida é de que, unha vez posto en circulación polo seu autor en 1777, o romance gozou dunha considerable difusión oral, ferrolá e probablemente tamén extraferrolá, que sería a responsable da xeración de numerosas e relevantes variantes entre unhas versións e outras. Ademais, o interese de eruditos e coleccionistas con interese polo galego como Eugenio Reguera e Antonio María de la Iglesia suscitou tamén a realización de copias escritas que, ben por partiren de versións orais ou escritas xa diferentes, ben por no proceso de copia introduciren variantes de forma intencionada ou non intencionada, ben por estes dous motivos a un tempo, contribuíron a aumentar as diferenzas entre unhas versións e outras.

³⁴ Así, no caso de “Subiase ó Pulpitíño” (Urca 1, v. 459) fronte a “é subianse ão Pulpíto” (Urca 2, v. 460), ou no de “acordes os musiquiños” (Urca 1, v. 478) fronte ao de “acordes todos os Musicos” (Urca 2, v. 480). Urca 1 mantén sen alterar, en cambio, o verso “con recados politicos” (v. 516).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- COBARRUUIAS OROZCO, Sebastian de (1611): *Thesoro de la lengua castellana, o española*. Madrid: Luis Sanchez, impressor del Rey N. S. [Consultado a través do *Nuevo tesoro lexicográfico de la lengua española* da RAE. <<http://ntlle.rae.es/ntlle/SrvltGUILoginNtlle>>].
- MARIÑO PAZ, Ramón (2012): «Estudo lingüístico», en Ramón MARIÑO PAZ / Margarita SÁNCHEZ YÁÑEZ / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ: *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié, 121-170.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2019): «O cambio *dizes > dis, diz > di, dizen > din* nas fontes do galego medio», en Xosé Antonio FERNÁNDEZ SALGADO / Aquilino ALONSO NÚÑEZ (eds.): *Non haberá illa, pro hai o nome. Homenaxe a Antón Palacio Sánchez*. Vigo: Universidade de Vigo, 97-113.
- MARIÑO PAZ, Ramón / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): «Edición do texto», en Ramón MARIÑO PAZ / Margarita SÁNCHEZ YÁÑEZ / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ: *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié, 7-61.
- Papés* = Ramón MARIÑO PAZ / Xosé Ramón BARREIRO FERNÁNDEZ / Rosa ANEIROS DÍAZ (2008): *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Edición dos textos, fichas introdutorias e notas de Ramón MARIÑO PAZ. Notas histórico-biográficas de X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ. Coordinadora da edición: Rosa ANEIROS DÍAZ. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- SÁNCHEZ YÁÑEZ, Margarita (2012): «Estudo histórico», en Ramón MARIÑO PAZ / Margarita SÁNCHEZ YÁÑEZ / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ: *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié, 63-118.

ANEXO

Reproducción do fol. 1r do manuscrito C/355-78 do Arquivo da RAG



